

# Carta dun trífido esquizoide

Kiko Novoa

*Segundo premio do IV Premio a artigos xornalísticos normalizadores Concello de Carballo 2008*

*Pimplar, sova, rullar.* Aprender un idioma converteuse nun duro trauma. Como é posible assimilar novos conceptos, novas palabras, nun cabezolo, aínda que sexa grande coma o meu, cando as neuronas están amarradas a dous portos, dous? *Pimplar, sova, rullar.* Saín de Galicia con medo. Medo a non ser quen de amasar sons viquingos. Eu xa sabía que aprender en galego e castelán ao tempo ocasiona graves traumas pedagóxicos.

Advertíranmo na Galicia bífida. *Pimplar, sova, rullar.* A cousa viña negra. Coñecía o caso daquel leonés que viñera parar a Lugo, por cousas do funcionariado, que é o que ten, e encontrouse co indómito látego da lingua. Queixábase con razón. Para un de tan lonxe comprender o galego é case peor que a morte. E se coñecer dúas lérias en galego requiría tamaño esforzo, incisivo desgaste miolar, desfeitas bipolares sen volta atrás, como sería posible que eu, que non fora quen de descifrar o funcionamento dun chisqueiro porque traía as instrucións en inglés, asumira un novo rol lingüístico e me introducira no sueco? Sueco. Xa a palabra soa a vida marciana. *Pimplar, sova, rullar.* Poño a radio e o locutor anuncia unha entrevista co futbolista portugués Jorge Andrade. Con iota de *jirafa*, de *jarabe* e de *ghato* que miaña. Disque o locutor tentou adaptar a lingua a algo parecido aos inicios de Schumacher, Schuster e Sheridan, pero con ese mínimo intento a cousa tornouse grave e chegoulle a atrofia do gusto. E sen gusto non hai lingua. Tamén existe o desgusto pola lingua. *Pimplar, sova, rullar.* O idioma é cousa seria. Hai que andar amodo e non interferir. Dous idiomas. Falalos. Comprendelos. Cultivalos. Hai algo peor que o bilingüismo harmónico: o bifidismo dialéctico. E o trifidismo xa ten que ser o demo. Por iso cheguei con medo a Suecia. Con eses precedentes, non hai quen ature dous días. Ou tres, un por idioma. E se isto pasa cun adulto, o que non pasará cun cativo. Hai maior desgaste para un pícaro que acariñar un coello podendo acariciar un *conejo* con iota de *jirafa*, de *jarabe* e de *ghato* que miaña? Dislexias máis grandes non pode habelas. Ben, hainas, pero non no mundo dos nenos. A dislexia dos adultos é moito peor. E ademais, incurable.

Entre coello e *conejo* hai un mundo. Como se dirá este becho en sueco?  
*Pimplar, sover, rullar*. E o sueco. O sueco.

E cheguei a Suecia. E deille grazas ao galego. E decateime que, sen sabelo, levaba toda a vida aprendendo sueco e galego a un tempo. Hai quen o nega e odia o sueco. Non tiña idea de que os galegos fósemos trilingües. Trífidos.

(Aos tres días de chegar a Suecia souben que *pimplar* en sueco significa *pimplar* en galego, que *sova* en sueco é o mesmo que *durmir* en galego e que *rullar* en sueco vén sendo rular en galego. E chorei de emoción).